



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

"Reunido na data 28 de novembro de 1997 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barrallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial da Coruña, os Vocais, D. Andrés López-Suevos Fernández, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común, e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación, para estudar e resolve-lo

Expediente nº 339
 Monte: Leiro, Toxa, Atrema e Cotro
 Lugar: Parroquia de Leiro
 Concello: Rianxo

ANTECEDENTES DE FEITO:

10. Diversos veciños da parroquia de Leiro, concello de Rianxo, solicitaron con data 08/05/1996 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 104,16 Ha.
 Lindeiros:

1. Monte Leiro: Procede do monte Leiro, nº 350 do C.U.P. Parcela I. Cunha superficie de 97,87 Ha.
NORTE: Do piquete nº 391 ó 456 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares. Do 456 ó 459 seguindo a orde de piquetes, e deste ó 1, co Monte Quintáns, da parroquia de Isorna. LESTE: Do piquete 1 ó 29 seguindo a orde de piquetes, co Monte Palleiro e outras propiedades particulares. SUR: Do piquete 29 ó 277 seguindo a orde de piquetes, coa Ría de Arousa e propiedades particulares. OESTE: Do piquete 277 ó 391, con propiedades particulares.

Parcela II. Cunha superficie de 3,90 Ha.
NORTE: Do piquete 460 ó 482 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares. LESTE: Do piquete 482 ó 485 seguindo a orde de piquetes, coa Ría de Arousa. SUR: Do piquete 485 ó 492 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares. OESTE: Do piquete 492 ó 512 seguindo a orde de piquetes, e deste ó 460, con propiedades particulares.

2. Monte Toxa de Palleira. Situado ao sur do monte Leiro. Cunha superficie de 0,26 Ha.
NORTE: Propiedades particulares de Serafín Rubio Vázquez, Josefina Vicente Vicente, Mercedes Vicente Peiteado, Hrdos. de Manuel Rial Rodríguez, Manuela Rubio Vázquez, Hrdos. de José Mato e outros. LESTE: Propiedade de Carmen Buján García. SUR: Propiedades de José Viana Mato. OESTE: Estrada de Leiro a Ponte Catoira.

3. Monte Atrema. Situado ao sur do monte Leiro. Cunha superficie de 0,82 Ha.
NORTE: En parte, estrada de Leiro a Ponte Catoira, e en parte, propiedades particulares de Manuel Ageitos Campos, Matilde Losada, Hrdos. de Francisco Figueira Losada e outros. LESTE: En parte, propiedades particulares de José Vidal Vidal, Luisa Vidal Gey, en parte, José María Vicente Gómez, Ramón Gómez Blanco e en parte, estrada de Leiro a Ponte Catoira. SUR: Propiedades particulares de Manuel Figueiras Vicente, Baltasar Vidal Rodríguez, Ramón Gómez Blanco e outros. OESTE: Hrdos. de Francisco Vicente, Serafín Rubio Vázquez, Hrdos. de Jesús Rodríguez e outros.

4. Monte Cotro. Ao sur do monte Leiro. Superficie 1,30 Ha.
NORTE: Hrdos. de Valentín Vázquez, hrdos. de Dolores Rodríguez Rubio, Josefina Rodríguez Rey, e hrdos. de Manuel Buján. LESTE: Propiedade particular de Manuel Domínguez Tubío e Urbano Figueiras Vicente. SUR: En parte, Ría de Arousa, e en parte, propiedades particulares de varios veciños. OESTE: Ría de Arousa e, en parte, hrdos. de Valentín Vázquez Tubío.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 01/07/1996, acordou inicia-lo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Ramón Olano Calleja, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedeuse á correspondiente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Padrón, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Rianxo, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 78 de 24/04/1997), e taboleiro de anuncios do Concello.

Debido á xubilación de D. Ramón Olano, na reunión de data 09/12/1996 o Xurado acorda nomear novo instructor a D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, que tamén aceptou o cargo.

3º. Os veciños da parroquia de Leiro fundamentan a súa petición perante o Xurado na orixe foral de ditos montes e en que desde tempos inmemoriais veñen aproveitándoos en réxime de comunidade e sin asignación de cotas.

4º. Publicados os edictos no D.O.G., así como no taboleiro de anuncios do Concello, non se presentaron alegacións por parte deste, como titular da propiedade do monte, nin por outros posibles interesados.

5º. Na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

2º. En conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños da parroquia de Leiro, concello de Rianxo, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artgs. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no punto anterior, se deduce que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal da parroquia de Leiro, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, éste Xurado á vista dos antecedentes e fundamentos de Dereito expostos, nesta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal da parroquia de Leiro, concello de Rianxo, o denominado Monte "Leiro, Toxa, Atrema e Cotro", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro antecedente. Asimesmo, acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes da Coruña.

Contra a presente Resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo DOUS MESES perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do momento de recepción da presente, segundo a ata agora vixente Lei de procedemento administrativo.



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

A Coruña, 28 de novembro de 1997

Vº e Pr.
O PRESIDENTE DO XURADO,

Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

O SECRETARIO DO XURADO,


Asdo. Manuel Puente Araújo



DESLINDE TOTAL DEL MONTE LEIRO

Parroquia de Leiro
Ayuntamiento de Rianjo

Escala 1:5.000




CABIDAS

	TOTAL	ENCLAVADOS	PUBLICA
Parcela I.....	9787 Has.	19,10 Has.	78,77 Has.
Parcela II.....	390 "	—	3,90 "
Cabida del monte.....	101,77 Has.	19,10 Has.	82,67 Has.

Enclavados.


CLAVE	DENOMINACION	PROPIETARIO	SUPERFICIE	CULTIVO
A	San Andres	Carmen Cala y otros	1,17 Has.	Tajal y Eucalipto
B	—	Manuel Muñiz Freire	0,95 "	Cava y huerto
C	Lansado	Manuel Iglesias y otros	7,30 "	Pinar
D	Buxeira	Ramona Vidal y otros	0,68 "	Pinar
E	Palleiro	Hnos. de Manuel Viluro	0,10 "	Eucalipto
F	Agro da Mula	Vecinos de Leiro	3,77 "	Pinar
G	Paroira	Hnos. de Manuel Viluro	0,18 "	Pinar
H	Agro da Costa	Vecinos de Leiro	0,85 "	Pinar
I	Agro da Costa	Vecinos de Leiro	1,35 "	Pinar y Eucalipto
J	Agro da Costa	Vecinos de Leiro	1,45 "	Pinar

PIQUETES	COLINDANCIA	PIQUETES	COLINDANCIA
PARCELA I			
1-2	Monte "Quintans" de la parroquia de Leiro	267267	Labradío "Agro da Moucho" de vecinos de Leiro
2-9	Pinar "Agros do Monte" de Ramon Figueiras y otros	269270	Ria de Arosa
9-15	Carretera de Rianjo a Bacariza	270276	Pinar "Agro do Moucho" de vecinos de Leiro
15-28	Pinar "Agros do Monte" de vecinos de Isorna	276278	Ria de Arosa
28-29	Labradío "Agro de Arriba" de vecinos de Isorna	278285	Pinar "Agro da Moucho" de vecinos de Leiro
29-57	Pinar "Caviños" de vecinos de Isorna	285286	Tajal "Agro da Moucho" de vecinos de Leiro
57-59	Carretera de Rianjo a Bacariza	286287	Atravesa la carretera de Rianjo a Bacariza
59-67	Eucalipto "Palleiro" de Hnos. de Manuel Viluro	287290	Eucalipto de Baltasar Vidal
67-69	Carretera de Rianjo a Bacariza	290291	Pinar de Eliseo Romero
69-74	Eucalipto "Palleiro" de Hnos. de Manuel Viluro	291292	Labradíos de vecinos de Leiro
74-82	Pinar de los vecinos de Leiro	293301	Pinar "Paroira" de vecinos de Leiro
82-85	Zona de caminos	307311	Pinar "Pinoxo" de vecinos de Leiro
85-99	Pinar de vecinos de Leiro	311-336	Pinar "Palleiro" de vecinos de Leiro
99-109	Tajal y pinar "A Taxa" de vecinos de Leiro	336-408	Pinar "da Costa" de vecinos de Leiro
109-181	Pinar "Palleiro d'abaixo" de vecinos de Leiro	408-455	Pinar "tramba os montes" de vecinos de Leiro
181-182	Camino	455-458	Pinar "Agros do Castro" de vecinos de Isorna
182-180	Pinar "Palleiro d'abaixo" de vecinos de Leiro	458-459-L	Monte "Quintans" de la parroquia de Leiro
180-181	Camino	PARCELA II	
181-162	Pinar "Agros Longos" de vecinos de Leiro	460-473	Pinar "As Rozas" de vecinos de Isorna
162-185	Camino	473-475	Labradíos de vecinos de Isorna
185-173	Pinar "Agros Longos" de vecinos de Leiro	475-477	Pinar "As Rozas" de vecinos de Isorna
173-233	Pinar "Sulgueiriño" de vecinos de Leiro	477-482	Labradíos de vecinos de Isorna
233-240	Casa y huerto de José Figueira	482-485	Ria de Arosa
240-283	Pinar "Palleiro" de vecinos de Leiro	485-491	Labradíos de vecinos de Isorna
283-285	Labradío de vecinos de Leiro	491-495	Tajal "As Rozas" de vecinos de Isorna
285-288	Casa y huerto de José Muñiz	495-498	Labradíos de vecinos de Isorna
288-267	Pinar "Agro da Moucho" de vecinos de Leiro	498-499	Pinar "As Rozas" de vecinos de Isorna
		499-501	Labradíos de vecinos de Isorna
		501-518	Pinar "As Rozas" de vecinos de Isorna
		518-460	Camino




LA CORUÑA, NOVIEMBRE DE 1968...
EL INGENIERO OPERADOR

Manuel Viluro



PLANO DE SITUACION

 EMPLAZAMIENTO DE LA

SITUACION:
TERMINO MUNICIPAL DE *RIANJO*
PARROQUIA DE *Leiro*

EL TOPOGRAFO

FIRMADO: *Gerardo Pardo*
GERARDO PARDO QUINTELA
COLEGIADO Nº 1378

ESCALA

1:10.000

FECHA

19-08-94

Pontevedra